

Quenllas



Xeralmente, as mandíbulas e os dentes son a primeira imaxe que a xente ten ao pensar nunha quenlla. Moitas quenllas posúen fortes mandíbulas e varias filas de afiados dentes. Algunhas quenllas son capaces de morder con tanta forza que poden atravesar un groso anaco de aceiro e sempre teñen dentes novos. A mandíbula dunha quenlla pode conter ata 20 filas de dentes, unha detrás doutra. Cando a unha quenlla lle rompe un dente ou o perde, móvese outro cara a diante para substituílo. Algunhas quenllas cambian os dentes un a un, mentres que outras cambian unha fila enteira á vez.

O que as quenllas cazan para alimentarse depende de onde viven e do seu modo de vida. Algunhas atraen pequenos animais flotantes e plantas coas súas enormes bocas. Outras son rápidas nadadoras que atrapan peixes cos seus dentes afiados. Outras rastrexan a costa buscando focas, delfíns e aves acuáticas. Moitas habitan o fondo mariño e aliméntanse de cangrexos e doutros crustáceos. Todas as quenllas se alimentan doutros animais.




A quenlla tigre, de dentes resistentes e afiados, come calquera cousa que poida tragar, dende anacos de comida e matrículas de coches ata latas de pintura. O seu sobrenome é o de "quenlla cubo de lixo".

POR QUE AS QUENLLAS SON TAN BOAS CAZADORAS

A quenlla ten os sentidos moi desenvolvidos, o que a fai ser un dos mellores cazadores do mundo.

Fai clic en cada un dos sentidos para saber máis.



TIPOS DE QUENLLAS

Coñécense uns 450 tipos de quenllas e os científicos cren que pode haber outras especies que aínda non se descubriron. Le a información que aparece a continuación sobre 3 especies distintas de quenllas.



A quenlla balea

Este é o tipo máis grande de quenlla e o peixe máis grande do océano. Pode alcanzar os 18 metros de longo e chegar a pesar 20 toneladas. O tamaño dun gran camión de mercadorías! Malia o seu tamaño, a quenlla balea é inofensiva para os humanos. A quenlla balea recibe este nome porque, ao igual que algunhas baleas, se alimenta por filtración. Isto quere dicir que abre a súa gran boca de algo máis de metro e medio e filtra, entre miles de toneladas de auga mariña, plancto e peixes pequenos.



A quenlla martelo

A quenlla martelo é un dos peixes de aspecto máis estraño do mar. O seu morro achatado parece a cabeza dun martelo. Os ollos, os orificios nasais e os electrorreceptores están nos extremos desta "cabeza de martelo". Movendo a cabeza cara diante e cara atrás, a quenlla consegue máis información sobre o que a rodea. Hai 9 clases de quenllas martelo e a súa lonxitude oscila entre 1 e 6 metros. A maioría das quenllas martelo nadan en solitario e aliméntanse de peixes, incluíndo outras quenllas!

A gran quenlla branca

A gran quenlla branca é unha das especies de quenllas mellor coñecidas. Ten 50 dentes, que son máis grandes que os de ningunha outra quenlla: 6 centímetros de lonxitude! Usa estes dentes para comer, sobre todo leóns mariños e focas. A gran quenlla branca é a terceira especie máis grande de quenlla, duns 6 metros de lonxitude. É un animal de corpo quente, que non é o mesmo que de sangue quente. Isto quere dicir que a temperatura do seu corpo é superior á da auga que o rodea, o que lle proporciona máis enerxía para poder nadar máis rápido.



1.

Anota dúas cousas que se din ao principio do texto sobre os dentes da quenlla.

**1.****2.**

2.
Segundo o artigo, que tres clases de animais comen as quenllas?



3.

Por que á quenlla tigre se lle chama “quenlla cubo de lixo”?

- ☐ A Porque os seus afiados dentes poden atravesar un cubo de lixo.
- ☐ B Porque ule como un cubo de lixo.
- ☐ C Porque come cousas que poderían atoparse nun cubo de lixo.
- ☐ D Porque ten forma de cubo de lixo.

4.
Que sentido usa en primeiro lugar a quenlla para atopar a súa presa?

- ☐ A O oído.
- ☐ B A vista.
- ☐ C O gusto.
- ☐ D O olfacto.

5.
Por que os ollos da quenlla brillan na escuridade?



6.
Antes de comer algo, por que ás veces as quenllas dan “unha dentada de proba”?

- ☐ A Para asegurarse de que non danarán os dentes.
- ☐ B Para descubrir se queren comer a súa presa.
- ☐ C Para evitar que a súa presa escape nadando.
- ☐ D Para ver se teñen suficiente fame.

7.

En que se diferencian os sentidos do tacto e do oído dunha quenlla do tacto e do oído humanos? Explica unha característica de cada sentido.

Tacto



Oído



8.

A presa dunha quenlla está escondida baixo unha rocha, sen moverse. Que sentido pode usar a quenlla para detectala?

- ☐ A A vista.
- ☐ B O tacto “a distancia”.
- ☐ C O oído.
- ☐ D A electrorrecepción.

9.

Por que axuda o diagrama cos recadros a explicar que as quenllas son boas cazadoras?

- ☐ A Porque nomean as partes do corpo da quenlla.
- ☐ B Porque din o que poden facer os sentidos da quenlla.
- ☐ C Porque explican como ve a quenlla.
- ☐ D Porque mostran o grande que pode ser unha quenlla.

10.

Unha quenlla famenta está a buscar focas para comer. En que orde utilizaría os sentidos do gusto, da vista e do olfacto?

Explica por que utilizaría os sentidos nesa orde, utiliza a información do artigo.



11.

O artigo di que algunhas quenllas atraen pequenos animais flotantes coas súas enormes bocas.

Que tipo de quenlla busca comida deste xeito?

- ☐ A A quenlla tigre.
- ☐ B A quenlla balea.
- ☐ C A quenlla martelo.
- ☐ D A gran quenlla branca.

12.

A seguinte táboa organiza información do artigo sobre os distintos tipos de quenllas. Enche os espazos en branco para completar a táboa.



Tipo de quenlla	Lonxitude	Comida	Característica especial
Quenlla balea	<input type="text"/>	<input type="text"/>	a quenlla máis grande
Quenlla martelo	1-6 m	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	6 m	leóns mariños e focas	<input type="text"/>

Original ID	Sharks
Title	Sharks
Answer code	
Images	